

ENQUISA DE DIAGNOSE DA CONVIVENCIA ESCOLAR 2025

Preguntas frecuentes

ÍNDICE

A) PROPÓSITO DA ENQUISA.....	3
Que é e para que serve a enquisa de convivencia escolar?.....	3
B) CENTROS E COLECTIVOS DESTINATARIOS.....	4
Que centros deben participar na enquisa?.....	4
Cando se responderá á enquisa?.....	4
Que colectivos da comunidade educativa deben responder?.....	4
Quen debe facer uso do cuestionario pictográfico?.....	5
Se alguén estuda en máis dun centro educativo, cantos cuestionarios debe responder?.....	5
Cantos cuestionarios deben responder as familias?.....	6
C) PREGUNTAS DOS CUESTIONARIOS.....	7
Cantas preguntas inclúe cada cuestionario?.....	7
Que tipo de preguntas conteñen os cuestionarios?.....	7
D) PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA RESPONDER.....	8
Como se responden os cuestionarios?.....	8
Cando hai que cubrir os cuestionarios?.....	8
Canto se tarda en cubrir cada cuestionario?.....	8
Pódese pechar o cuestionario e volver retomalo máis tarde?.....	9
Pódense modificar as respostas xa marcadas?.....	9
Como se organizan os centros para cubrir os cuestionarios?.....	9
Que pasa cos problemas técnicos?.....	10
E) CLAVES DE ACCESO.....	11
Que son as claves e como se obteñen?.....	11
As claves poden usarse máis dunha vez?.....	11
Que pasa en caso de extraviar a clave?.....	12
Como se contacta co Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia?.....	12

F) ALUMNADO CON DIFICULTADES PARA RESPONDER AO CUESTIONARIO**ORDINARIO.....13**

Que pasa co alumnado con dificultades para responder?.....13

Como se obteñen as claves para o cuestionario pictográfico?.....13

E se algún alumno ou alumna non pode responder?.....14

G) ANONIMATO E RESULTADOS.....15

Como se garante o anonimato das respostas?.....15

Cando estarán dispoñibles os resultados?.....15

Para que serven os resultados?.....16

H) OUTRAS PREGUNTAS.....17

É obrigatorio cubrir a enquisa?.....17

A) PROPÓSITO DA ENQUISA

- **Que é e para que serve a enquisa de convivencia escolar?**

No marco do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, e da Lei 4/2011, do 30 de xuño, que este desenvolve, prevese a redacción e a execución dun Plan de Convivencia Escolar en cada centro da nosa comunidade, o cal deberá estar baseado na diagnose da súa situación particular e actualizado para dar resposta ás necesidades e situacións cambiantes dos centros educativos.

Así mesmo, en base ao dito Decreto, constituíuse o 24 de abril de 2015 o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobándose a Estratexia Galega para a Convivencia Escolar 2015-2020 e a actual Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>).

En relación á enquisa de convivencia, os informes de diagnose realizados nas edicións anteriores serviron a un dobre propósito: por unha banda, informaron a nivel global sobre a situación da nosa comunidade en materia de convivencia; por outra, facilitaron o traballo dos centros educativos proporcionando os datos pertinentes para a actualización do seu propio Plan de Convivencia.

Polo tanto, neste momento cómpre proceder a unha actualización deses datos que permita axustar as respostas educativas e organizativas en ambos niveis.

[Volver ao índice](#)

B) CENTROS E COLECTIVOS DESTINATARIOS

• Que centros deben participar na enquisa?

A enquisa de convivencia está destinada a todos os centros públicos e centros privados concertados titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, independentemente da etapa ou do tipo de ensinanzas que comprenda a súa oferta educativa.

[Volver ao índice](#)

• Cando se responderá á enquisa?

Os centros deben responder á enquisa entre o 5 e o 26 de maio de 2025 (ambos os dous incluídos), posto que o prazo de participación non se volverá abrir ata as vindeiras edicións.

[Volver ao índice](#)

• Que colectivos da comunidade educativa deben responder?

Deberá responder á enquisa todo o alumnado, profesorado, persoal non docente e familias, atendendo ás seguintes indicacións:

- **Alumnado:** todo o alumnado a partir de 5º de Educación Primaria (5º e 6º de Primaria, ESO, FP Básica, Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas de Persoas Adultas, Ensinanzas de Réxime Especial, etc).

Cada alumno/a responderá ao cuestionario que lle corresponda segundo o centro educativo e o tipo de ensinanza que estea a cursar.

- (a) Cuestionario de Educación Primaria: alumnado de 5º EP e 6º EP.
- (b) Cuestionario de Educación Secundaria Obligatoria: alumnado desde 1º ESO ata 4º ESO, incluída a FP Básica.
- (c) Cuestionario de ensinanzas post-obrigatorias: alumnado de Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas de Persoas Adultas (excepto alumnado de centros penitenciarios), Ensinanzas de Réxime Especial, etc.

- **Profesorado:** todo aquel con destino definitivo no centro e tamén aquel con destino provisional durante o curso académico completo.
- **Persoal non docente:** todo o persoal non docente do centro educativo.
- **Familias:** todas as familias responsables de alumnado con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, cubrindo un cuestionario por familia e centro educativo.

Por exemplo, unha familia con dous fillos no mesmo IES cubrirá un único cuestionario relativo á convivencia nese centro. A maiores, se un deles asiste á EOI e outro ao Conservatorio de Música, cubriranse outros dous cuestionarios, un por cada un destes centros.

[Volver ao índice](#)

• **Quen debe facer uso do cuestionario pictográfico?**

O cuestionario pictográfico debe ser empregado unicamente por aquel alumnado que, debido ás súas características individuais, non sexa quen de responder ao cuestionario ordinario deseñado para o seu colectivo. Será o profesorado quen estime o alumnado destinatario deste cuestionario, actuando como mediador e prestando apoio para responder no caso de ser preciso.

[Volver ao índice](#)

• **Se alguén estuda en máis dun centro educativo, cantos cuestionarios debe responder?**

Cada alumno/a debe responder a un cuestionario por cada centro educativo onde curse algún tipo de ensinanza.

Por exemplo, de estudar Bacharelato e tamén no Conservatorio de Música, cubrirase un cuestionario en cada un deses centros (as cuestións e as respostas serán relativas á convivencia en cada un deles).

[Volver ao índice](#)

- **Cantos cuestionarios deben responder as familias?**

Responderase un único cuestionario por familia e centro educativo.

Por exemplo, unha familia con dous fillos no mesmo IES cubrirá un único cuestionario relativo á convivencia nese centro. A maiores, se un deles asiste á EOI e outro ao Conservatorio, cubriranse outros dous cuestionarios, un por cada un deses centros.

[Volver ao índice](#)

C) PREGUNTAS DOS CUESTIONARIOS

- **Cantas preguntas inclúe cada cuestionario?**

O número de preguntas variará en función do colectivo, incluíndo cuestións xerais como o sexo ou a idade. Ademais, algunhas das opcións seleccionadas poden xerar novas preguntas relacionadas coas respostas anteriores.

[Volver ao índice](#)

- **Que tipo de preguntas conteñen os cuestionarios?**

Hai preguntas xerais como as referidas ao sexo, idade ou nacionalidade, sempre impedindo identificar ás persoas que están a responder; preguntas sobre experiencia persoal (do tipo "*fuches testemuña dalgún estrago no teu centro?*") e preguntas de apreciación (do tipo "*paréceche que a convivencia no teu centro mellorou ultimamente?*").

Excepto aquelas preguntas que solicitan datos numéricos, como por exemplo a idade, a maior parte delas respóndense marcando opcións únicas ou múltiples, resultando obvio cando se pode dar máis dunha resposta e cando non (ademais, esa indicación figura explicitamente ao lado de cada pregunta).

[Volver ao índice](#)

D) PROCEDIMIENTO A SEGUIR PARA RESPONDER

• Como se responden os cuestionarios?

Os cuestionarios deben ser cubertos en liña, a través dunha ferramenta de xestión de formularios que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional xa puxo á disposición dos centros educativos en ocasións anteriores: [convivenciaxestión](#).

[Volver ao índice](#)

• Cando hai que cubrir os cuestionarios?

Os cuestionarios estarán dispoñibles desde o 5 ata o 26 de maio de 2025 (ambos os dous incluídos).

Nas edicións anteriores comprobouse que tres semanas foi tempo máis que suficiente para que os diferentes colectivos respondesen con normalidade. O obxectivo é interferir o menos posible no normal desenvolvemento da actividade educativa e, ao tratarse de cuestionarios en liña, pódese acceder a eles a calquera hora do día.

[Volver ao índice](#)

• Canto se tarda en cubrir cada cuestionario?

Segundo os datos das edicións anteriores, de media tárdase uns 15 minutos.

Este tempo tamén serve como mecanismo de control, pois todos os cuestionarios que se cubran nun tempo anormalmente baixo serán descartados do cómputo de resultados, ao presupoñer que foron cubertos ao chou e/ou sen ler as preguntas.

Pola contra, os cuestionarios que se cubran nun tempo lixeiramente superior si serán tidos en conta, posto que se poden dar certas situacións que fagan máis lentas as respostas -como ter que reflexionar máis do esperado ou precisar axuda coa interpretación das preguntas-.

[Volver ao índice](#)

• Pódese pechar o cuestionario e volver retomalo máis tarde?

Non. Non existe a opción de gravar parcialmente as respostas, pechar o cuestionario e despois retomalo onde se deixou, pois as claves son dun único uso. Polo tanto, pechar a sesión ou o navegador tras estar identificado/a, sen rematar de responder, supón que non se poida continuar máis tarde onde se deixou. Por este motivo, é recomendable cubrir o cuestionario dunha única vez.

[Volver ao índice](#)

• Pódense modificar as respostas xa marcadas?

Só as respostas da pantalla que está aberta en cada momento.

Por motivos de seguridade, na aplicación non existe a posibilidade de volver á pantalla anterior (e o botón de retroceso do navegador tampouco é válido). Polo tanto, se tras avanzar nas pantallas do cuestionario se quere volver atrás, isto non será posible. Por este motivo, recoméndase revisar as respostas a medida que se avanza no cuestionario.

[Volver ao índice](#)

• Como se organizan os centros para cubrir os cuestionarios?

Como noutras ocasións anteriores (enquisas de convivencia, enquisas sobre hábitos dixitais ou vocacións STEM, etc, realizadas con esta mesma ferramenta en centros educativos da comunidade), prégase aos centros que dean as máximas facilidades ao profesorado e ao persoal non docente, de xeito que poidan ter acceso aos cuestionarios en liña no propio centro.

No caso do alumnado do ensino obrigatorio, un profesor/a ou un grupo de profesores/as acompañará por quendas a cada grupo de alumnado ás salas con ordenadores para cubrir o cuestionario, impedindo que poidan verse facilmente as respostas entre eles/as (aínda que nas enquisas as opcións de resposta se xeran en orde aleatoria para minimizar problemas deste tipo). Pode parecer un proceso dificultoso pero, logo da incerteza co primeiro grupo, resulta unha tarefa sinxela.

En canto ao alumnado de ensinanzas post-obrigatorias, este cubrirá os cuestionarios polos seus propios medios, sempre que sexa autónomo para realizar este tipo de tarefas.

Así mesmo, os centros entregarán ao alumnado unha carta informativa para as familias, coa que estas poderán participar na enquisa polos seus propios medios.

Os cuestionarios serán accesibles a través do ordenador ou de calquera dispositivo móbil con conexión a internet, de xeito áxil e sinxelo.

[Volver ao índice](#)

• Que pasa cos problemas técnicos?

Malia que o feito de cubrir os cuestionarios en liña sempre pode supor algún problema, adoita ser doado de solucionar cunha boa previsión: conexión de calidade, cobertura, batería, etc.

Unha incidencia habitual é recibir no navegador unha mensaxe de alerta de seguranza. Isto é debido a que, co fin de garantir a seguridade do proceso, a aplicación utiliza un certificado de seguridade da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre que pode non ser recoñecido por todos os navegadores (especialmente se non están actualizados). Pode confiar plenamente na seguridade da páxina e engadir unha excepción de seguridade para solucionala.

[Volver ao índice](#)

E) CLAVES DE ACCESO

- **Que son as claves e como se obteñen?**

As claves de acceso son códigos formados por números e letras que permiten acceder aos cuestionarios soamente ás persoas dun determinado colectivo e centro, pero sen identificalas de forma individual, pois as respostas son anónimas.

A dirección do centro xerará desde a aplicación [convivenciaxestion](#) un informe en formato PDF coas ditas claves de acceso para os cuestionarios de cada colectivo. Neste documento tamén irán as comunicacións informativas para cada un dos colectivos.

Así, por exemplo, ao xerar as claves para o profesorado, obterase un documento en formato PDF con tantas comunicacións como profesorado teña o centro (máis unha cantidade adicional do 10 % por se fose necesaria), incluíndo cada notificación a clave correspondente. Cada clave está asociada a un centro e colectivo, pero non está asociado a persoas concretas. Deste xeito, ninguén sen código poderá engadir datos nos cuestionarios e non se mesturarán datos de centros e colectivos diferentes. Na aplicación haberá un documento para explicar o seu funcionamento.

[Volver ao índice](#)

- **As claves poden usarse máis dunha vez?**

Non, son claves dun único uso. Para cada centro entrégase un 10% de claves adicionais para cada un dos colectivos participantes, de xeito que todos os centros poidan dar resposta a posibles incidencias durante o proceso -como o extravío de claves por parte dalgunha persoa usuaria, por exemplo-.

[Volver ao índice](#)

• Que pasa en caso de extraviar a clave?

Deberase solicitar á dirección do centro unha nova clave dese 10% adicional xerado por seguridade. No caso de non contar con máis claves dispoñibles, a dirección pode contactar co Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia para solicitar outras adicionais, no caso de haber causa xustificada.

[Volver ao índice](#)

• Como se contacta co Servizo de Inclusión, Orientación e Convivencia?

O contacto con este servizo pode realizarse a través das seguintes vías:

- Chamando aos números de teléfono 881996571 / 981546512
- Enviando un correo electrónico aos enderezos edutic@edu.xunta.gal / convivencia@edu.xunta.gal.

[Volver ao índice](#)

F) ALUMNADO CON DIFICULTADES PARA RESPONDER AO CUESTIONARIO ORDINARIO

- **Que pasa co alumnado con dificultades para responder?**

O alumnado que o precise deberá ter acceso a un cuestionario pictográfico impreso, dispoñible para descargar na aplicación [convivenciaxestion](#) .

Este cuestionario debe ser empregado por todo aquel alumnado que, debido ás súas características individuais, non sexa quen de responder ao cuestionario ordinario deseñado para o seu colectivo. O profesorado será quen decida o alumnado destinatario, actuando como mediador e prestando apoio no caso de ser preciso.

É un cuestionario moi sinxelo elaborado con pictogramas do Centro ARASAAC que, centrado nas cuestións máis básicas, facilita dar voz a este alumnado.

Despois de que o alumno/a responda ao cuestionario impreso, a persoa mediadora trasladará as respostas ao cuestionario equivalente dispoñible na aplicación [convivenciaxestion](#), co obxectivo de informatizar as respostas. Trátase dun proceso moi rápido e sinxelo e, para levalo a cabo, utilízase a clave do/a alumno/a que dá acceso ao cuestionario pictográfico.

[Volver ao índice](#)

- **Como se obteñen as claves para o cuestionario pictográfico?**

Cada centro disporá dunha serie de claves de acceso ao cuestionario pictográfico que poderá descargar da aplicación [convivenciaxestion](#) para o uso do alumnado que o precise.

[Volver ao índice](#)

- **E se algún alumno ou alumna non pode responder?**

No caso de alumnado que non puidera aportar ningunha resposta, prégase ás direccións dos centros que anoten cales son as razóns que motivan tal imposibilidade (ausencia prolongada por enfermidade, descoñecemento total das linguas vehiculares, etc), co obxectivo de levar a cabo un cómputo diferenciado destes casos con respecto á abstención.

[Volver ao índice](#)

G) ANONIMATO E RESULTADOS

• Como se garante o anonimato das respostas?

Co obxectivo de garantir o anonimato incorpóranse varios mecanismos diferentes, entre os cales están os seguintes:

- Utilizaranse claves aleatorias para acceder aos cuestionarios.
- Garantirase que cada centro acceda unicamente aos datos agregados do seu informe, pero non poderá acceder aos datos individuais de cada consulta nin identificar ou relacionar a persoas concretas coas consultas realizadas.

Esta garantía está asegurada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), adscrita á Consellería de Facenda e Administración Pública e responsable da execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicación.

- En ningún caso se van entregar aos centros datos que, pola súa natureza, poidan permitir a identificación da persoa que os aporta.

Por exemplo, a opinión do persoal non docente será tida en conta a nivel global, pero os datos individuais de cada centro non se entregarán cando se conte con menos de cinco membros entre este persoal (posto que nestes casos relativamente sinxelo deducir a quen corresponden as respostas).

[Volver ao índice](#)

• Cando estarán dispoñibles os resultados?

Despois de responder aos cuestionarios, cómpre traballar sobre unha presentación que garanta exquisitamente o anonimato, abordando as diferentes casuísticas que poidan xurdir no tratamento dos datos. Todo iso levará un tempo, polo que a previsión é que estean dispoñibles a principios do curso 2025/26.

[Volver ao índice](#)

- **Para que serven os resultados?**

Por unha banda, cada centro vai a recibir os seus resultados de xeito resumido -garantíndose en todo momento o anonimato das respostas- así como unha análise inicial suficiente para encarar a revisión, se procede, do Plan de Convivencia.

Por outra banda, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vai facer unha actualización do diagnóstico xeral da situación da comunidade, permitindo caracterizar o clima escolar galego e mellorar a toma de decisións a nivel global. Esta información servirá tamén como referente para cada centro a nivel individual.

A Consellería en ningún momento vai traballar con datos individuais dos centros nin establecer auditorías nesa liña. Non se trata de levar a cabo unha análise crítica de cada centro nin de premiar ou valorar a súa situación particular, senón de analizar as debilidades e fortalezas do sistema para así establecer medidas encamiñadas á mellora da convivencia nos centros educativos.

[Volver ao índice](#)

H) OUTRAS PREGUNTAS

- **É obrigatorio cubrir a enquisa?**

É obrigatorio informar a toda a comunidade educativa e facilitarlle as claves para poder participar, aínda cando manifesten que non teñen intención de cubrir o cuestionario. O alumnado desde 5º de EP ata 4º da ESO deberá, en todo caso, acceder aos cuestionarios no propio centro.

Este cuestionario é unha acción da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional encamiñada á mellora da convivencia, que redundará en beneficio de cada centro educativo. Serán estes os que obteñan os datos, polo que se recomenda encarecidamente a participación de todos os membros da comunidade educativa, moi especialmente do persoal docente e non docente.

[Volver ao índice](#)